

DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

ROSALÍA DESDE O BALCÓN

Celebramos o día de Rosalía de Castro coa gravación dun vídeo o mércores 24 de febreiro no que dous alumnos/as de cada titoría de Educación Primaria acudiron a Biblioteca a recitar o poema IV do libro “Cantares Gallegos”. Varios alumnos/as de Educación Infantil realizaron a presentación do vídeo.

Na gravación incluíronse algún dos traballos realizados sobre este e outros poemas de “Cantares Gallegos” nas distintas titorías que logo se representaron en folios A3 e que foron expostos nun mural a carón da Biblioteca.

Para a gravación elaborouse un balcón de cartón pluma e tres alumnas de 5ºA e 5ºB achegaron unha pandeireta e un violín para colaborar na banda sonora do vídeo.

Adxuntamos a gravación realizada neste blog. Parécenos que quedou moi ben!

Noraboa a todos!